



Ola son Dámaris teño 46 anos e son nai de dous nen@s, decidín poner o dispositivo Essure no ano 2011. Ao principio todo estaba ben, pero co paso do tempo comenzo con problemas que anteriormente non tiña como: dor nas articulacións, proídos, pel seca, insomnio, ansiedade, cambios de humor, alérxias, molestias dixestivas, perda de menstruación, dor lumbar e pélvica, polo cal escomezo así unha peregrinaxe por diferentes especialistas, sendo medicada pero sen moito resultado o que me crea aínda máis incerteza, tanto a min como a miña familia que

se ven afectados e padecen indirectamente ao estar a miña saúde tan mermada.

E menos mal que son traballadora autónoma e podo ir o meu ritmo, senon estaría na rúa, dado que era máis o tempo que estaba imposibilitada para realizar o meu traballo que ben para levalo a cabo.

Comentándolle o caso a unha amiga díxeme que o seu home ten un familiar que tivo o mesmo problema e tamén tivera posto o dispositivo, fálame da Asociación de Afectadas de Essure de Galicia (**Asafessgal**). Póño-me en contacto coa asociación e oríéntan-me de como proceder e da existencia dun protocolo para a súa retirada.

En maio do 2019 opéran-me por primeira vez sen seguir o protocolo establecido polo sergas, extraéndome as trompas de Falopio que é onde debería estar o dispositivo.

Dan-me o alta sabendo que teño restos e tendo asinado un consentimento de que se quedaban, procedesen na mesma operación á retirada dos mesmos quitando o útero, co cal en febreiro do 2020 teño que volver a pasar por quirófano por segunda vez para facelo.

Agora mesmo estou ceibe do dispositivo Essure, pero sufro as sécuas que me deixou.